

APROBACIÓN DA REDUCCIÓN DUN 50% NA COTA DE AMIGOS PARA OS EMPREGADOS DAS ENTIDADES PATROCINADORAS E BENFEITORAS

Actualmente, os beneficios e contraprestacións das Entidades Patrocinadoras e Benfeitoras do MARCO son os que se relacionan a continuación:

Entidades Patrocinadoras

- 1) Seis tarxetas MARCO a nome da entidade, que permiten a entrada gratuíta ao museo
- 2) Entrada gratuíta a todos os museos estatais para os portadores das devanditas tarxetas
- 3) Envío de 6 convites ás inauguracións das exposicións temporais do museo (válidas para 12 persoas)
- 4) Invitación a participar nas actividades organizadas exclusivamente para os Amigos do Marco en España e no estranxeiro
- 5) Reserva preferente e desconto do 20% nas actividades non gratuítas e de aforo limitado organizadas polo Marco
- 6) Tarxeta *Museum Musei* con descontos e ofertas nas 52 tendas de Pazos e Museos de Aldeasa
- 7) Desgravación fiscal do 35% do importe da achega
- 8) Envío gratuíto dun exemplar de todas as publicacións do Museo e desconto do 20% na adquisición doutros exemplares
- 9) Recepción da Memoria Anual do MARCO
- 10) Agradecemento público a través da mención das Entidades Patrocinadoras na Memoria Anual, os folletos e a web do MARCO
- 11) Posibilidade de utilización gratuíta do Salón de Actos do Museo en función da dispoñibilidade do mesmo

Achega mínima anual: 6.000 €

Entidades Benfeitoras

- 1) Entrada gratuíta ao Museo para o persoal da entidade
- 2) Entrada gratuíta a todos os museos estatais para os portadores das devanditas tarxetas
- 3) Agradecemento público a través da mención das Entidades Benfeitoras na entrada do Museo e nos folletos e catálogos das exposicións
- 4) Visita guiada exclusiva ás exposicións do Museo, previa cita (grupos de 20 persoas máximo) para o persoal da Entidade
- 5) Posibilidade de utilización do Salón de Actos do museo en función da dispoñibilidade do mesmo
- 6) Envío gratuíto de 2 exemplares de cada unha das publicacións e catálogos que edite o Museo
- 7) Mención da entidade na “Memoria anual do Museo”, e na páxina web do MARCO
- 8) Carnés individualizados para 10 membros da entidade
- 9) Envío de 5 convites (válidas para 10 persoas) ás inauguracións das exposicións temporais do Museo
- 10) Invitación a participar nas actividades organizadas exclusivamente para os Amigos do Marco en España e no estranxeiro
- 11) Reserva preferente nas inscricións das actividades non gratuítas e de aforo limitado organizadas polo Marco
- 12) Atención telefónica personalizada

Achega mínima anual: 30.000 €

Neste punto da Orde do Día preséntase a aprobación do Padroado que se inclúa como beneficio adicional para as devanditas entidades que os seus empregados poidan obter unha redución do 50% da achega á Fundación para cada unha das seguintes categorías de Amigos, pasando a ser as novas cotas nestes casos as seguintes:

- Amigo Individual de 60 euros a 30
- Parella amiga de 100 euros a 50
- Familia Amiga de 120 euros a 60